Organismos internacionais como a UNESCO destacan a importancia que reviste o patrimonio cultural inmaterial como crisol da diversidade cultural e garante do desenvolvemento sustentable, así como a inestimable función que este cumpre como factor de achegamento, intercambio e entendemento entre os pobos e os seres humanos. Nas últimas décadas son moitas as voces que se erguen para avisar da importancia e vulnerabilidade do patrimonio inmaterial. A UNESCO alerta de que os procesos de mundialización e de transformación social traen consigo graves riscos de deterioración, desaparición e destrución deste patrimonio cultural. É por iso que urxe a súa salvagarda, o seu mantemento e a súa recreación como contribución ao enriquecemento da diversidade cultural e da creatividade humana.

A AGANTRO, sensibilizada coa crecente necesidade de suscitar un maior nivel de coñecemento e conciencia da importancia do patrimonio cultural inmaterial da humanidade, no noso caso o galego, e da importancia da súa salvagarda decide pór en marcha os presentes seminarios con fin de avanzar nestas liñas e de pór ao dispor dos e das participantes coñecementos e exemplos prácticos de proxectos en torno á investigación e posta en valor do noso Patrimonio Inmaterial.

Inscrición en:
http://agantro.org/inscricion-seminarios/
Para máis información:
agantroweb@gmail.com

PRAZAS LIMITADAS

Necesaria a inscrición previa
para poder asistir aos seminarios.

En caso de restricións debido á situación sanitaria, os Seminarios impartiranse online.

Organiza:

AGANTRO
asociación galega de antropoloxía

Colabora:

Museo do Pobo Galego

Actividade subvencionada pola
Deputación da Coruña

Deputación DA CORUÑA

SEMINARIOS FORMATIVOS DE AGANTRO

Patrimonio Inmaterial: coñecemento, divulgación e posta en valor.

LUGAR:
Museo do Pobo Galego
Santo Domingo de Bonaval
Santiago de Compostela

DATAS:
23 de novembro – 5 de decembro de 2020

PROGRAMA

Meses: Novembro– Decembro 2020

Día		Conferencia
LUNS 23	16–18 h	*Introdución ao Patrimonio Inmaterial e aos seus proxectos de posta en valor.* Cristina Sánchez Carretero (CSIC Incipit e AGANTRO) e Rafael Quintía (AGANTRO)
MARTES 24	16–18 h	*O proxecto de creación do Parque Etnográfico do Outeiro das Mouras.* Rafael Quintía (Ab Origine Antropoloxía) e Xurxo Constela (A Citania Arqueoloxía)
MÉRCORES 25	16–18 h	*Etnomusicoloxía e Patrimonio Inmaterial.* Xulia Feixoo (etnomusicóloga)
VENRES 27	16–18 h	*O Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade.* Concha Losada (APOI - Museo do Pobo Galego)
SÁBADO 28	11–13 h	*A Antropoloxía visual como ferramenta de achegamento ao Patrimonio Inmaterial.* Rafael Quintía e Valentín G. Bóveda (Ab Origine Antropoloxía)
SÁBADO 28	16–18 h	*Andar cos tempos. Un proxecto de investigación-acción arredor do baile tradicional e a construción de estereotipos.* Carme Campo e Chus Caramés (educadoras)
LUNS 30	16–18 h	*Mirando ao futuro. Patrimonio Inmaterial e Memoria.* María Abelleira e Óscar Senra (MAOS Innovación Social) e Olga Romasanta (Rexenerando)
XOVES 3	16–18 h	*De que falan eses vellos? Comunicar Patrimonio Cultural Inmaterial.* Germám Ermida
VENRES 4	16–18 h	*A participación das comunidades portadoras nos procesos de salvagarda do PCI. O caso do baile tradicional galego.* Rebeca Ces
SÁBADO 5	11–13 h	*Etnografía no contexto actual: Etnografías confinadas.* Ana Estévez Lavanderia (AGANTRO e Museo do Pobo Galego) e Paula Ballesteros (AGANTRO)